

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**4851** *Real decreto 244/2010, do 5 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación.*

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, establecendo as disposicións e principios necesarios para garantir o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio realizadas en territorio español por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea, simplificando os procedementos e impulsando a modernización das administracións públicas.

Agora ben, como indica a súa exposición de motivos, para alcanzar o obxectivo de reformar significativamente o marco regulatorio non abonda co establecemento dos principios xerais que deben rexer a regulación actual e futura das actividades de servizos, senón que se fixo necesario proceder a un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio, para adecuala aos principios que a dita lei establece. Como consecuencia, procedeuse a modificar, entre outras, a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, mediante a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En efecto, a nova redacción do artigo 42 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, determina as condicións que deberán cumprir os prestadores de servizos de instalación e mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación co fin de que o importante labor que desempeñan contribúa á innovación tecnolóxica sen afectar a seguranza das redes de telecomunicacións.

En liña con este obxectivo, o artigo 42 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, establece que a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicacións se realizará en réxime de libre competencia mediante a presentación dunha declaración responsable ante o Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.

O regulamento que agora se aproba desenvolve o contido da dita declaración e garante a seguranza das redes de telecomunicacións e a protección dos consumidores e usuarios do servizo.

En desenvolvemento do punto terceiro do mencionado artigo 42, régulase o Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación. Esta regulación dota de seguranza xurídica o proceso de transición desde o actual sistema de autorización previa ao novo sistema de declaración responsable.

Co obxectivo de xeneralizar o uso das novas tecnoloxías e de converter a Administración pública en impulsora do proceso de modernización de toda a sociedade, o artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, permite establecer regulamentariamente a obrigatoriedade de comunicarse coa Administración utilizando unicamente medios electrónicos cando os interesados se correspondan con colectivos que por motivo da súa dedicación profesional teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos. En execución do mencionado artigo, este regulamento substitúe o actual modelo dual de rexistro físico e electrónico por un modelo plenamente telematizado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación.*

Apróbase o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición transitoria única. *Mantemento de inscricións xa efectuadas no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.*

1. As solicitudes de inscrición no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse pola normativa vixente no momento de presentación da solicitude.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, o interesado poderá, con anterioridade á resolución, desistir da súa solicitude e optar pola presentación da declaración responsable a que se refire o Regulamento regulador da actividade de instalación e mantemento de equipamentos e sistemas de telecomunicación aprobado por este real decreto.

3. As inscricións efectuadas no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto manterán a súa vixencia, e as empresas xa inscritas conservarán o seu número de inscrición sen necesidade de efectuaren a declaración responsable.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o capítulo III do Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso aos servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 401/2003, do 4 de abril.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan ou se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe competencia exclusiva ao Estado en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as normas que resulten necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

## REGULAMENTO REGULADOR DA ACTIVIDADE DE INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE EQUIPAMENTOS E SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN

### Artigo 1. *Concepto de empresa instaladora.*

Para os efectos deste regulamento, terán a consideración de empresas instaladoras de telecomunicación as persoas físicas ou xurídicas que realicen a instalación ou o mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación e que cumpran os requisitos nel establecidos.

Poderán prestar servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación as persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas que cumpran os requisitos a que se refire o artigo 42 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

### Artigo 2. *Declaración responsable ante o Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.*

1. Os interesados en establecerse para a prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, presentar ante o Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación unha declaración responsable, realizada por medios electrónicos, no modelo normalizado que se adopte mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, na que asuman o compromiso de que cumpren os requisitos establecidos para o seu exercicio, de que seguirán cumprindo estes requisitos durante o tempo que presten os servizos e de que dispoñen da documentación que acredita o seu cumprimento.

Os requisitos que se exigen para a prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación son os seguintes:

a) Cualificación técnica adecuada.

Para tales efectos, reputarase como cualificación técnica adecuada ser titulado competente no caso de persoa física, e no caso de persoa xurídica, que o sexa, polo menos, un dos titulares da empresa, que deberá contar cunha participación mínima do 20 % do capital social, ou contar entre o persoal laboral contratado con un ou varios titulados competentes.

Será titulado competente o que estea en posesión dun título, xa sexa universitario ou de formación profesional, que acredite coñecementos na actividade de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación.

b) Dispoñibilidade dos medios técnicos apropiados que, por orde ministerial, se determinen.

c) Ter contratado un seguro de responsabilidade civil subsidiaria ou da responsabilidade civil que poida corresponder, aval ou outra garantía financeira, cuxa cobertura mínima sexa de 300.000 euros por sinistro, que cubra os posibles danos que puideren causar ás redes públicas de telecomunicacións ou ao dominio público radioeléctrico por defectos de instalación ou mantemento dos equipamentos ou sistemas de telecomunicación que instalen ou manteñan, así como pola instalación de equipamentos non destinados a ser conectados ás redes públicas de telecomunicación.

d) Estar ao día nas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social. A declaración responsable preverá que o solicitante autorice a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información a recoller eses datos.

e) Ter realizado o pagamento da taxa por inscrición no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación a que se refire o punto 4 do anexo 1 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. As declaracións deberán ser asinadas, utilizando un certificado de sinatura electrónica recoñecida, conforme o previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de

sinatura electrónica, pola persoa física ou xurídica interesada ou polo seu representante legal, que deberá acreditar esta condición.

3. A declaración responsable habilita para a prestación a terceiros de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación en todo o territorio español e cunha duración indefinida. A prestación do servizo sen ter a declaración responsable presentada ou sen cumprir os requisitos a que se refire o punto 1, será sancionada de acordo co disposto no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore á declaración responsable determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procederen.

A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de presentar unha nova declaración no prazo dun ano.

5. Cando se constate na declaración responsable do interesado que non se cumpren os requisitos a que se refire o punto 1, dítase resolución motivada, nun prazo máximo de 30 días, en que se terá aquela por non realizada. Antes de ditar resolución, dirixiráselle ao interesado unha notificación para que emende no prazo de 10 días os defectos ou erros en que puido incurrir. Mentres se substancia o trámite de emenda da declaración responsable, producirase a interrupción do cómputo do prazo de 30 días mencionado para ditar resolución.

6. Igualmente, cando se constate o incumprimento inicial ou sobrevido dalgún dos requisitos a que se refire o punto 1 ou das obrigas que se establezan na orde que desenvolva ese regulamento, dirixiráselle ao interesado unha notificación para que emende este incumprimento no prazo de 15 días. Transcorrido este prazo sen que a emenda se producise, procederase a ditar resolución para privar de eficacia a declaración e cancelarse a inscrición rexistral.

7. Se como consecuencia da prestación de servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación se puxer en perigo a seguranza das persoas ou das redes públicas de telecomunicacións, poderase ditar resolución motivada pola cal se adopte de forma cautelar e inmediata a suspensión da eficacia da declaración responsable.

### Artigo 3. *Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación.*

1. O Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación, adscrito á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, é de carácter público e nel inscribíranse de oficio os datos relativos ás persoas físicas ou xurídicas que declarasen a súa intención de prestaren servizos de instalación ou mantemento de equipamentos ou sistemas de telecomunicación e as súas modificacións.

2. A xestión do rexistro realizarase por medios electrónicos, de forma que toda comunicación co Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación se realizará por medios electrónicos, utilizando un certificado de sinatura electrónica recoñecida conforme o previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

3. No Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación constarán os seguintes datos:

a) A denominación ou razón social, o código de identidade fiscal, o domicilio social, o domicilio fiscal e o domicilio para os efectos de notificacións, se se trata de empresas, e o nome, apelidos, número de identificación fiscal e domicilio para os efectos de notificacións, se se trata de persoas físicas.

b) O tipo de actividade que pode realizar en función da cualificación profesional e os medios técnicos de que dispoña.

c) A data prevista para o inicio de actividade.

4. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria deberá ser comunicado polo interesado, por medios electrónicos, no modelo normalizado que se adopte mediante orde ministerial, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, que procederá á inscrición da modificación no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación. No caso de que a inscrición da modificación non se puiden practicar por insuficiencia dos datos achegados, requirirase o interesado para que os complete.

5. Nos supostos de fusión, escisión, achega, modificación ou transmisión de empresas, se da análise da documentación achegada se constata que non é única a empresa ou entidade resultante, procederase a ditar resolución para privar de eficacia a declaración e, en consecuencia, cancelarse a inscrición no rexistro.

6. O rexistro debe manterse actualizado. Sen prexuízo da obriga do interesado de comunicar calquera modificación dos seus datos establecida no punto 4, o encargado do rexistro poderá solicitar a información necesaria e, en particular, aquela cuxa caducidade ou relevancia así o aconselle.

7. Serán causas de cancelación da inscrición rexistral:

- a) A renuncia expresa do interesado.
- b) A morte ou incapacidade sobrevida do empresario individual ou a extinción da personalidade xurídica da empresa ou entidade.
- c) A imposición de sanción administrativa firme, de acordo co establecido no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.
- d) O incumprimento sobrevida dalgún dos requisitos a que se refire o artigo anterior.

8. Tanto a primeira inscrición como as súas sucesivas modificacións e a cancelación serán practicadas de oficio polo encargado do rexistro, con indicación da data en que se produciron.

9. O interesado poderá, en calquera momento, solicitarlle á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información que emita unha certificación rexistral que confirme que presentou a declaración responsable e que esta foi anotada rexistralmente. As inscricións e anotacións no rexistro e a expedición de certificacións por instancia de parte darán lugar á percepción por parte da Administración das taxas correspondentes, conforme o previsto nas normas reguladoras das taxas e prezos públicos. En ningún caso esta certificación rexistral será exigible para o exercicio da actividade.

10. Os datos inscritos no rexistro serán de libre acceso para a súa consulta por cantos terceiros interesados o soliciten, nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11. As inscricións no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación notificaranse aos interesados, indicando o número de rexistro asignado.

12. Mediante nota practicada de oficio á marxe da inscrición correspondente, farase constar a suspensión da eficacia da declaración responsable e a imposición de calquera sanción firme polas infraccións cometidas polos suxeitos inscritos no rexistro.

13. As inscricións practicadas no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicación serán comunicadas ao Rexistro de Establecementos Industriais para os efectos da súa oportuna coordinación.